

## **ALEGACIONES AO PLAN ESTRUTURANTE DE ORDENACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL PARQUE EMPRESARIAL DE LOUREDO, MOS E REDONDELA**

Persoa/Organización:

Dirección:

Concello:

Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

### **EXPÓN**

Que, con data de 19 de agosto do 2024, vén de publicarse a AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA. TRÁMITE DE CONSULTAS PREVIAS Á FORMULACIÓN DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO:

- **Nome do plan:** Plan estruturante de ordenación de solo empresarial do parque empresarial de Louredo, nos concellos de Mos e Redondela
- **Promotor:** Xestión do Solo de Galicia, S.A. (XESTUR SA)
- **Órgano tramitador:** Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (Consellería de Economía e Industria)
- **Expediente:** 2024AAE2923

Que esta parte é contraria ao proxecto publicado, motivo polo que mediante o presente escrito vén formular as seguintes

### **ALEGACIONES**

1. Non existe unha necesidade real da creación de un novo parque empresarial no concello de Mos, xa que na actualidade existen tres polígonos industriais no termo municipal (Veigadaña, Faquiña e Rebullón), así como varios polígonos nos concellos próximos:
  - 1.1 O concello de Redondela ten planificado no seu futuro PXOM un polígono industrial na zona de Reboreda.
  - 1.2 Anunciouse recentemente unha ampliación do polígono industrial das Gándaras no Porriño de preto de 150.000m<sup>2</sup>.

- 1.3 O polígono industrial de Veigadaña na actualidade está sen rematar, pois carece de acceso directo dende a autovía A55, un enlace proxectado dende hai máis dunha década.
  - 1.4 No polígono industrial da Veigadaña, malia que practicamente a totalidade de parcelas están vendidas, unha parte moi significativa delas permanece sen construción algunha. Isto é un indicativo de que, ou ben non hai necesidade real ou ben se están a producir movementos especulativos coas parcelas.
2. Este novo polígono non tería acceso próximo a vías de alta capacidade, o cal provocaría un aumento considerable do tráfico pesado por estradas que xa están saturadas ou non poden asumir ese tráfico:
    - 2.1 O polígono tería acceso directo á Nacional 550, unha estrada que a día de hoxe conta cun volume moi considerable de tráfico. Por poñer un exemplo, no nó de Sanguñeda as retencións con constantes e este polígono viría agravar a situación.
    - 2.2 O novo polígono tería tamén acceso directo dende a estrada provincial EP2906 Os Valos-Guizán, que desemboca igualmente na N550 e transcorre, ademais, polo núcleo de poboación de Vilar. Isto implicaría a circulación de tráfico pesado por unha zona densamente poboada, con todos os prexuízos que isto supón para as persoas residentes.
    - 2.3 Aínda que non estea previsto un acceso directo, con moita probabilidade tamén se vería afectada a estrada provincial EP2602 Peinador-Louredo, xa que desemboca no núcleo de Peinador dando acceso á autoestrada AP9 e á autovía A55. A construción do polígono suporía un incremento moi notable do tráfico pesado por zonas densamente poboadas como Guizán, Peinador e Louredo.
3. Non se fixo un estudo de tráfico para avaliar o impacto que tería a creación deste polígono industrial, tanto no relativo á densidade de vehículos nas estradas como ao impacto na calidade ambiental.
  4. Non se limita a instalación de empresas contaminantes, ruidosas ou perigosas. Pese a ter un importante núcleo de poboación próximo, non se establece que tipo de empresas e actividades se poderían instalar no parque industrial e, polo tanto, non se avalía que repercusións ambientais poderían ter para a contorna.

5. Pese a que se fala dun informe elaborado polo Consorcio de Augas do Louro, este non se fixo público e o expediente limitase a expoñer vagamente as conclusións do mesmo asegurando que hai capacidade para asumir o consumo de auga:
  - 5.1 Inda que de maneira illada haxa capacidade de asumir o consumo de auga deste parque industrial, parece que non se ten en conta que na actualidade hai outros proxectos en marcha como o Galicia Sport 360 que extraería a auga da mesma fonte que este polígono.
  - 5.2 O PXOM de Mos prevé un notable incremento de poboación nos vindeiros anos, máis tendo en conta que existen varias promocións de vivenda en altura no concello de Mos que tamén suporía un incremento do consumo de auga.
  
6. O polígono afectaría de forma directa a patrimonio histórico como o Porto dos Valos e, de forma indirecta, á Mámoa dos Valos:
  - 6.1 O proxecto pretende converter parte da zona de protección do Porto dos Valos como zona verde, todo iso sen tan sequera contar cun estudo arqueolóxico pormenorizado que avale tal decisión.
  - 6.2 A proximidade de varios xacementos megalíticos como mámoas e asentamentos neolíticos indica con toda probabilidade unha zona moi rica en restos arqueolóxicos.
  - 6.3 Debería elaborarse un estudo arqueolóxico serio e profundo para avaliar toda a zona e non simples catas e visitas visuais dun día pola zona, pois córrese o risco de perder para sempre un patrimonio histórico de valor incalculable.
  
7. Pese a proximidade dun núcleo de poboación tan importante como o de Vilar, non se ofrecen datos nin estudos do impacto que pode ter para a veciñanza, tanto no relativo á calidade de vida como á calidade ambiental:
  - 7.1 Tal como se sinalou en puntos anteriores, as poboacións próximas (tanto Vilar como distintos núcleos nas parroquias de Louredo, Guizán e Torroso) estarían directamente afectadas. Non se ofrecen datos sobre o impacto que tería neste núcleos, nin medidas correctoras para as vivendas ou para as infraestruturas, tanto en zonas residenciais como na rede viaria ou no propio parque empresarial para mitigar os efectos nocivos.
  
8. A tramitación deste proxecto está sendo opaca de cara á veciñanza dende o primeiro momento, por iso non debería de tramitarse de forma simplificada, senón mediante o trámite ordinario. Deste modo, proporcionaríasele á cidadanía o tempo necesario para consultar todo o proxecto e avaliar o seu impacto.

Polo exposto a esta Administración,

### **SOLICITA**

1. **Que se retire e deixe sen efecto** o Plan de creación do parque empresarial de Louredo
2. Que no caso que se continúe coa tramitación, esta sexa polo PROCEDIMIENTO DE TRAMITACIÓN ORDINARIO

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de setembro do 2024